

## MEDIO AMBIENTE

SEVERINO GONZÁLEZ ÁLVAREZ  
Asociación Gallega de Pizarristas

Recibido: 15 outubro 2002

Aceptado: 25 novembro 2002

### 1. DEFINICIÓN

É difícil falar sobre unha materia da que descoñezo con precisión o seu significado; por máis que intentei atopar unha definición xurídica do termo, a verdade é que tódalas disposicións que rexen neste campo dan por sentado o coñecemento do que é o medio ambiente. Daquela foi cando caín na conta da miña supina ignorancia.

Nunhas xornadas sobre medio ambiente e minería, que tiveron lugar recentemente na Coruña, manifestáronnos que en 1988 Gómez Orea definiu o medio ambiente dicindo que: *“Es el entorno vital; el conjunto de factores físico-naturales, sociales, culturales, económicos y estéticos que interactúan entre sí, con el individuo y con la comunidad en la que vive, determinando su forma de carácter, relación y supervivencia. No debe considerarse, pues, como el medio envolvente del hombre, sino como algo indisociable de él, de su organización y de su progreso”*.

Esta definición, aínda que acertada, pareceume moi confusa e difícil de reter, polo que lembrei ó meu profesor de latín en segundo de BUP, ó que cariñosamente chamabamos “EL CHIVO” debido á súa alongada perilla, quen un día na clase preguntounos *“¿Cómo definirían ustedes, con una sola palabra, todo lo que les rodea: las montañas, los ríos, el paisaje, las personas, los animales y lo que se puedan imaginar a nivel global?”*. Uns respondemos que a terra, outros o mundo e os máis agudos o universo. E el contestounos que xa o definirán os romanos. Todo iso, díxonos, é “O SER”. O medio ambiente hoxe, xa que logo, é máis ca nunca o ser, porque o absorbe e o engloba todo. De aí a súa importancia e a preocupación dos empresarios do sector por esta materia.

### 2. PUNTO DE VISTA XURÍDICO

Considerando o medio natural desde un punto de vista xurídico, é imprescindible facer mención a dúas disposicións da Xunta de Galicia –probablemente as menos desexadas e queridas polo sector– das emanadas da Administración galega nos últimos anos: a Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia e a Orde de 28 de outubro de 1999 da Consellería de Medio Ambiente, relativa á Rede Natura 2000.

## 2.1. A LEI 1/1995 DE PROTECCIÓN AMBIENTAL DE GALICIA

Cómpre constatar que mentres o Goberno español negociou á baixa as directivas comunitarias e, incluso, mentres solicitou moratorias na súa aplicación, algunhas comunidades autónomas –entre outras a de Cataluña e a de Galicia– elevaron coas súas normativas os parámetros esixidos pola Unión Europea.

Primeiro foi a lei de Cataluña e despois a galega, a que, seguindo a fórmula de “*e eu máis*”, é probablemente hoxe unha das máis esixentes de Europa no campo do medio natural.

Tamén é certo que en círculos privados algúns representantes da Administración catalana como da galega manifestaron que as súas respectivas leis se aplicarían en Cataluña “*poc a poc*” e en Galicia “*a modiño*”, o que nos satisfai dobremente porque, ademais de supoñer un respiro para o sector, descubriron un novo principio xurídico: o “*poc a poc*” ou “*a modiño*”.

Sen entrarmos a analiza-las incongruencias nas que incorre a Lei 1/1995 de protección ambiental de Galicia, con relación ó Decreto Lei 1302/1986, de 28 de xullo, que ten carácter de lexislación básica, e coa Lei 21/1992, de 16 de xullo, de industria, que tamén ten carácter de norma básica, desde o noso punto de vista debería ser modificada cando menos nos seguintes aspectos:

- a) Nova redacción do artigo 6º no que respecta ás esixencias de responsabilidades por actividades xa realizadas.
- b) Outorgar maiores competencias ou outorgarllas en exclusiva ó órgano substantivo, isto é, á Consellería de Industria.
- c) Deberían considerarse as situacións de feito dos sectores.
- d) Desenvolver unha normativa específica para o sector que, protexendo o medio, recolla a nosa especial problemática.

Sen embargo, é de xustiza recoñecer que a dita lei galega ten un aspecto innovador e moi positivo ó recoller no seu artigo 25º a figura do *pacto ambiental* para as situacións máis conflictivas.

Dada a importancia desta figura para o sector, permítanme expoñer brevemente o que, baixo o seu amparo, fixemos e pretendemos facer.

Partindo do principio de que os nosos refugallos son inertes –así o recoñecen as directivas europeas que tratan esta materia ó non incluílos nin como tóxicos, nin como perigosos– e de que, ademais, realizamos recentemente un estudio de *Viabilidad de los lodos de pizarra y su aprovechamiento como elemento de restauración*, con resultados moi positivos dado que estes lodos, debido ó seu contido en partículas metálicas, podían se-los máis conflictivos e posto que os demais refugallos poden considerarse coma un simple movemento de terras, somos conscientes, sen embargo, de que causamos un forte impacto visual e é neste sentido onde a administración e os empresarios debemos de mutuo acordo propiciar e adopta-las medidas que minoren o dito impacto.

Tendo como base a filosofía de conseguir un equilibrio entre o aproveitamento dos recursos e a protección do medio, realizamos un proxecto xeral e varios proxectos par-

ticulares de todas e de cada unha das empresas a fin de restaura-las entulleiras e rehabilita-los leitos dos ríos afectados, así como localizar de maneira mancomunada novas entulleiras de cara ó futuro. O proxecto denomínase *Racionalización de labores extractivas de pizarra y acondicionamiento ambiental de escombreras y cauces en las explotaciones de Galicia*.

Moitos dos proxectos das empresas xa superaron os distintos trámites administrativos: Confederación Hidrográfica, Consellería de Industria, etc. Outros, dada a súa dificultade, seguen un proceso máis lento e laborioso; pero a día de hoxe a meirande parte dos proxectos xa recibiron o visto e prace dos organismos competentes, agás da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, que os considera incompletos no aspecto ambiental *stricto sensu*.

Ademais e como labor máis arduo e difícil, dada a concentración de explotacións (algunha concesión só ten corenta metros de anchura), os produtores chegaron a acordos sobre a forma de execución dos proxectos, mantemento das entulleiras comúns e servidumes en materia de accesos. Iso si, coa colaboración da Consellería de Industria xa que sen a súa axuda sería imposible.

Por outro lado, unha vez publicada a citada lei, negociouse coa Consellería de Industria a sinatura dun pacto ambiental para o sector. Froito desas negociacións elaborouse un borrador que ámbalas dúas partes consideramos como válido, que xa pasara o trámite da asesoría da dita Consellería e o da asesoría xeral da Xunta, pero que por razóns alleas a nós nunca se chegou a asinar.

Ante a demora da sinatura do pacto, agora ímonos convencendo de que, se cadra, intentamos construí-la casa comezando pola cuberta, por certo, nunca mellor dito, xa que o pacto ambiental debe se-lo obxectivo que hai que alcanzar pero o pacto non é en si mesmo o inicio de todo senón o remate.

Por iso propuxémoslle á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental o seguinte método de traballo:

- 1) Apertura dunha mesa de negociación entre representantes das consellerías de Medio Ambiente, de Industria e da Asociación Galega de Pizarristas, co fin de analiza-los actuais proxectos e defini-las posibles modificacións.
- 2) Definir por zonas os prazos de execución dos proxectos.
- 3) Conseguir financiamento e desgravacións fiscais dos distintos organismos para a execución dos proxectos.
- 4) Substitución dos avais bancarios por outras fórmulas alternativas entre as que propondremos que as empresas doten un fondo neste sentido, subscriban pólizas de seguros ou que a Administración, nas zonas onde sexa moi difícil a súa restauración mentres as empresas permanezan en activo, invista esa dotación noutros lugares, como se fai, por exemplo, en Canadá.
- 5) Sinatura do pacto ambiental.
- 6) Creación dunha comisión mixta de seguimento e asesoramento sobre deseño e execución dos proxectos.

Froito das conversacións anteriores e das amplas xestións levadas a cabo tanto pola Consellería de Medio Ambiente, como pola Consellería de Industria, é o *protocolo ambiental*, asinado o día 10 de xullo do pasado ano en Santiago de Compostela entre o Ministerio de Medio Ambiente, a Confederación Hidrográfica do Norte, a Xunta de Galicia (consellerías de Medio Ambiente e de Industria) e a Asociación Gallega de Pizarristas. O protocolo supoñerá un investimento en torno ós 60 millóns de euros nos próximos seis anos.

Unha vez realizado o investimento poñerase de manifesto a compatibilidade das explotacións de lousa co medio natural ou o que actualmente se denomina desenvolvemento sostible.

## 2.2. REDE NATURA 2000

O proxecto ten a súa orixe na aprobación no ano 1992 da Directiva 92/73/CEE, máis coñecida como "*Directiva habitat*", relativa á conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres, que ten como obxectivo principal conservar a biodiversidade na Unión Europea.

Pola súa parte, o Real Decreto 1997/1995, que é unha transposición da citada directiva, recolle no seu artigo 3º o establecemento dunha rede ecolóxica coherente europea de zonas de especial conservación, denominada *Rede Natura 2000*.

O transfondo desta directiva é conseguir un desenvolvemento sostible que satisfaga as necesidades do presente sen poñer en perigo o das xeracións futuras.

Segundo varias fontes consultadas, en ningún caso considera a conservación da natureza mediante a prohibición da actividade socioeconómica nas zonas da rede, senón máis ben o contrario: o que pretende é a integración da conservación do medio natural co desenvolvemento, de tal forma que ámbolos dous se beneficien reciprocamente.

A Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia por medio da Orde de 28 de outubro de 1999 declara provisionalmente as zonas propostas para a súa inclusión na Rede Europea Natura 2000 como espazos naturais en réxime de protección especial. Por outro lado, a citada orde da Consellería de 7 de xuño de 2001 declara, de novo provisionalmente, as zonas propostas para ser incluídas na Rede Europea Natura 2000, como espazos naturais en réxime de protección xeral.

Entre as zonas propostas atópase a denominada "Ancares-Courel", cunha superficie nada menos que de 103.272 hectáreas e que lles afecta ós municipios de Becerreá, Navia de Suarna, Pedrafita do Cebreiro, Samos, Pobra do Brollón, Cervantes, As Nogais, Folgoso do Courel, Triacastela, Quiroga e O Incio.

Tamén se menciona outra zona denominada "Pena Trevinca", cunha superficie de 19.179 hectáreas e que lles afecta ós municipios de Carballeda de Valdeorras, Viana do Bolo e A Veiga.

Resaltamos estas dúas zonas por ser, xunto coa comarca do Bierzo na provincia de León, onde se atopa a maior concentración e produción de lousa do mundo.

En total, as zonas propostas para a súa inclusión na Rede Natura 2000 supoñen preto do 12% do territorio galego fronte a outros países e mesmo comunidades autónomas que nin sequera chegan ó 3%.

É un feito incontestable que as principais diferencias entre os países ricos e os pobres baséanse en dous aspectos: as infraestructuras e o seu nivel de aproveitamento dos recursos naturais e humanos.

¿Que país da Unión Europea pode permitirse ter un 12% do seu territorio adscrito á Rede Natura? Segundo poñen de relevo os feitos, ningún. Só a Comunidade Autónoma galega e, como non somos dos máis ricos, está claro que somos os máis ilusos por pensar que estas zonas van estar tan protexidas pola Unión Europea e que desde alí chegarán recursos económicos suficientes para xera-lo emprego que se perderá ó limitar ou ó impedi-lo desenvolvemento da actividade extractiva e elaboradora da pedra natural que é hoxe a principal fonte de riqueza e xeradora de emprego das dúas comarcas afectadas.

Xa que logo, resulta evidente que a Rede Natura 2000 se aprobou cunha amplitude desmesurada, sen ter en conta as opinións dos concellos e dos axentes sociais e económicos afectados, sen sabe-las consecuencias que comportará nun futuro para o sector da pedra natural, aínda que xa se adoptou a medida de prohibi-la apertura de novas explotacións, e sen unha valoración previa da importancia que cada actividade ten na zona.

¿Imaxínanse vostedes que o Goberno italiano incluíse a comarca de Carrara na Rede Natura 2000? Desde logo, as zonas produtoras de mármore españolas darían saltos de alegría. Iso mesmo é o que farán os países produtores de lousa cando coñezan as zonas propostas por Galicia.

Por iso, desde o noso punto de vista, a Consellería de Medio Ambiente debería clarifica-los seguintes aspectos:

- a) ¿Está disposta a Consellería de Medio Ambiente a reduci-lo espacio das zonas afectadas pola Rede Natura 2000 onde existen ou poidan instalarse no futuro explotacións de pedra natural, logo de consultar cos concellos afectados e cos axentes sociais e económicos?
- b) ¿Permitirá a apertura de novas explotacións e fábricas nas zonas afectadas pola Rede Natura 2000?
- c) ¿Que medidas adicionais se lles esixirán ás actuais e ás futuras explotacións?
- d) ¿Cantos postos de traballo cre que se xerarán de maneira directa e indirecta por hectárea coa Rede Natura 2000?
- e) ¿Cantos postos de traballo directos e indirectos se perderán se se prohibe a apertura de novas explotacións ou se limita a actividade das actuais?
- f) ¿Quen reparará os prexuízos económicos que se lles están ocasionando ós empresarios e ós municipios afectados ó denegárlle-la apertura de novas explotacións nas zonas propostas para a súa inclusión na Rede Natura se a Unión Europea non as admite ou se, unha vez admitidas, se comproba que a xeración de emprego e de riqueza é moi inferior ó destruído?

E, xa para finalizar, unha última reflexión: é certo que o sector se pode considerar como rendible, que a situación nestes momentos é boa, que pode ter un gran futuro e que a industria española é punteira no panorama mundial; sen embargo, debido ós múltiples problemas administrativos en tódolos campos e ás esixencias e impedimentos legais, o empresariado non está motivado, está apático, con ganas de deixa-la súa industria e de dedicarse a outras actividades tal vez menos rendibles pero tamén menos problemáticas. Se esta falta de motivación continúa, a medio prazo suporá a fin do noso sector e a perda dun dos maiores trazos de identidade e de promoción da nosa Comunidade Autónoma: “a lousa galega”.